

PREGUNTAS PREVIAS Á VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Cal é a diferenza entre *asteroide*, *metoroide*, *meteorito* e *cometa*?
2. Cal é a galaxia máis próxima á Vía Láctea? A que distancia se atopa?
3. A Lúa ten movemento de rotación? Por que dende a Terra non podemos ver a cara oculta da Lúa?
4. Cantos anos hai que apareceron os primeiros seres vivos? e os dinosauros?

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Que é a *atmosfera* e que funcións ten?
2. Que é o que mide cada aparello? Relaciona as dúas columnas:

TERMÓMETRO
BARÓMETRO
HIGRÓMETRO
PLUVIÓMETRO

HUMIDADE RELATIVA
TEMPERATURA
CHUVIA
PRESIÓN

3. A codia terrestre xunto coa parte superior do manto forman un conxunto denominado Esta está formada por bloques que encaixan entre si como as pezas dun crebacabezas. Cada bloque denomínase
4. Agrupa as seguintes palabras en dúas columnas, unha que inclúa as rochas e outra, os minerais: *Granito, ferro, cuarzo, xisto, lousa, ouro, mica, pirita*.
5. Cita os tres grandes grupos de rochas.
6. Escribe as definicións de: *Biomás, sabana, tundra, taiga, biodiversidade*.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Con que contaminamos a auga?
2. O ruído é un tipo de contaminación? Se é así, como o denominamos?
3. Intenta recordar que cousas tiramos diariamente no lixo e elabora dúas listas, unha cos residuos orgánicos (proceden dos seres vivos) e outra cos inorgánicos.
4. Cando se considera que unha especie se extinguiu?
5. Que son os *combustibles fósiles*? Cal é a súa procedencia?
6. Define *fonte de enerxía renovable* e *enerxía limpa*. Pon algún exemplo de cada unha.
7. Que residuos podemos tirar nun punto limpo? Investiga onde se atopa o punto limpo máis próximo á túa casa.

PREGUNTAS PARA DESPOIS DA VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Sabendo que a luz do Sol tarda en chegar aproximadamente 8,32 min á Terra, calcula a distancia aproximada entre a Terra e o Sol. Canto tardaría un coche en chegar ao Sol se fose a unha velocidade de 120 km/h?
2. Canto tempo transcorreu entre a existencia dos últimos dinosauros na Terra e a aparición do *Homo sapiens sapiens*?

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Cantos litros de osíxeno haberá nunha botella de 10 litros chea de aire, se a proporción de osíxeno no aire é do 21% en volume?
2. De que nos protexe as seguintes capas da atmosfera: Ionosfera e capa de ozono?
3. Investiga: Recorre o edificio e busca distintas rochas ou minerais (nas paredes, solos, columnas, minas de lapis...), para que se utilizan? saberías dicir que rochas ou minerais son?
4. Entre os peixes que podemos ver nas costas galegas destaca o cabaliño de mar (*Hippocampus guttulatus*). Busca información sobre el e fai unha descrición desta especie.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. O home pode provocar extincións? Como?
2. Cando se inclúe unha especie na categoría de: *vulnerable, ameazada, en perigo de extinción ou invasora*?
3. Fai un pequeno estudo dos recursos que utilizades no teu centro educativo. Despois fai un listado das cousas que poderías mellorar para conseguir unha maior eficiencia no uso deses recursos (auga, enerxía eléctrica, papel e outros materiais).
4. Relaciona as enerxías renovables coa súa fonte:

EÓLICA
SOLAR
HIDRÁULICA
XEOTÉRMICA
MAREOMOTORA
BIOMASA

CALOR TERRESTRE
VENTO
MATERIA ORGÁNICA
LUZ DO SOL
MAREAS
CORRENTE DE AUGA